



Creamos con
Non cantan paxaros neste bosque

ENCUENTROS LITERARIOS
PLAN DE FOMENTO DA LECTURA

IES PORTO DO SON

MÉRCORES 19 DE ABRIL
12:20H

ALUMNADO DE 3ºESO

Salón de Actos

CARLOS NEGRO



IESun
IES DE PORTO DO SON

MINISTERIO DE CULTURA Y DEPORTE
DIRECCIÓN GENERAL DEL LIBRO Y FOMENTO DE LA LECTURA

O **19 de abril de 2023**, no marco das nosas actividades adicadas ao Mes do Libro e dos parte dos **Encontros Literarios do Plan de Fomento da Lectura**, promovidos polo Ministerio de Cultura e Deporte, **Carlos Negro** visitou centro para charlar co alumnado de 3º de ESO sobre *Non cantan paxaros neste bosque*.

Se ben o alumnado coñece xa varias das obras poéticas do autor adicadas ao público xuvenil, desta volta quixemos lelo en narrativa neste conxunto de relatos de medo e misterio que bebe da tradición universal e da tradición literaria galega oral e escrita.

A partir da lectura, a posta en común da obra e o encontro co autor, propúxoselle ao alumnado a **creación dun relato de medo** partindo de pautas que supoñían a incorporación de claves temáticas e creativas de *Non cantan paxaros neste bosque*. A continuación recolleemos unha selección.

O silencio de Mara

Todo comezou aquel mércores 18 de setembro, cando entrei naquel centro escolar. Tivera que abandonar o anterior por problemas cuns rapaces.

Alí foi onde a vin por primeira vez. Tocáranos na mesma aula. Na primeira impresión pareceume unha rapaza calada, sen moita vida social. Sempre andaba soa polo patio do instituto e non falaba practicamente coa xente.

Eu tampouco tiña moito interese por coñecela, ata que a profesora de Bioloxía mandou facer un traballo por parellas. Puxéronme con ela. Ese mesmo día quedamos na súa casa para facelo.

Era unha casa grande e fermosa, cunha piscina e un xardín na parte traseira. Fomos ata a súa habitación e, cando entramos, decateime de que tiñamos gustos en común polos videoxogos e os libros de aventuras que había por todo o cuarto. Así se iniciou a nosa amizade.

Despois diso, comezamos a levarnos moi ben e pasabamos todo o tempo do mundo xogando xuntos na súa casa. Parecíame estraño que seus pais nunca estiveran alí, pero ela non quería falar dese tema. Un día decateime de que estaba algo triste e achegueime a ela. Contoume o que lle sucedía con eles. Non tiñan unha boa relación. Sempre quixeron que ela fose mellor en todo e non facían máis que humillala. Atopábase así porque lle dixeron que ían volver a próxima fin de semana. Estaban fóra por unha viaxe de traballo e eses meses foran os mellores da súa vida.

Dende desa fin de semana distanciouse de min e volveu andar soa. Dúas semanas despois de que regresaran seus pais, recibín unha mensaxe súa dicindo que me agardaba esa tarde na piscina da súa casa.

Cando cheguei, ela non saíu a recibirme como acostumaba, con moita ilusión ao entrar. Estaba todo en silencio e sentíase unha rara sensación, que non sabería describir con palabras. Ao non a ver, decidín ir á piscina. Crucei a porta para o outro lado da casa e...

—Necesiamos saber todo, Bruno. Que foi o que lle aconteceu a Mara? —preguntou o policía.
—Alí foi onde a encontrei, flotando na auga, cara abaixo e sen vida —comentou Bruno en voz baixa e coa mirada perdida.

Miguel Ángel Mirón Deán

A sombra do baño

Era unha tarde tranquila no instituto de Porto do Son. Todos os rapaces marcharan xa para as súas casas e só uns poucos profesores quedaban nas instalacións. Jonathan, un alumno pouco exemplar e bastante problemático, tiña unha reunión con Elvira, a súa titora. Falabans sobre o seu baixo rendemento académico e a necesidade urxente de que mellorase para ter algunha posibilidade de aprobar o curso.

Despois duns minutos de charla, Jonathan saíu da sala de reunións tan rápido como un paxaro que foxe da gaiola. Foi ao baño, co permiso que lle dera Elvira e coa condición de que non tardase moito. Cando chegou, atopouse coa luz apagada, mais, de súpeto, acendeuse sen que el premera o interruptor. Ao principio asustouse, pero non reparou moito niso. O ambiente era escuro e sombrío; facíao sentir incómodo. Desprazose ata un dos cubículos e cando estaba a piques de abrir a porta, algo o asustou. Un forte estrondo fíxoo saltar. Era un son estraño e arrepiante, capaz de poñerlle a pel de galiña a calquera. Parecía saír do interior daquela cabina.

Jonathan retrocedeu, pero a curiosidade levouno a achegarse de novo para investigar. Mirou polo oco que quedaba entre a porta e o chan e o que viu nese momento deixouno sen alento. Alí, dentro daquelas catro paredes de chapa, encontrábase algo que non logrou identificar. Pareceulle unha figura humana, aínda que era demasiado escura como para poder distinguila de forma clara. O mozo sentiu un arreguizo percorrerlle todo o corpo, e o seu corazón empezou a later con forza. Quería botar a correr, mais algo o retiña alí.

Repentinamente a porta abriuse e Jonathan caeu de cu, asustado. A profesora Elvira entrou no baño e preguntoulle que estaba a acontecer.

—Profe, hai algo aí dentro! Algo que me asustou moito! —dixo con voz trememente.

Elvira acercouse e acendeu a luz que había na cabina; mirou dentro e volveuse cara o rapaz cunha expresión de preocupación no rostro.

—Non hai nada aquí, Jonathan! Debeu ser a túa imaxinación xogándote unha mala pasada. Imos rematar a reunión.

Jonathan seguiu a Elvira aínda tremendo e preguntándose que vira realmente nese baño.

Ao chegar á casa, o mozo acendeu a televisión para relaxarse. A tranquilidade non durou moito. Nas noticias apareceu a imaxe da profesora Elvira nun anuncio comentando a súa desaparición. Jonathan sobresaltouse ao escoitalo e cuestionouse se o ocorrido gardaba relación co que viu naquel baño.

Un tempo despois, o rapaz decidiu tomar a investigación pola súa propia conta para dar fin ao asunto e poder saber dunha vez por todas que foi o que pasara con Elvira. Así que un día

dispúxose a ir ao instituto pola tarde asegurándose de que ninguén o vira. Conseguiu forzar a cerradura dunha porta para entrar. Rapidamente foi ao baño onde todo acontecera. Estaba xa fronte á porta e víase suorento, dubidando que facer. Dun momento a outro armouse de valor e entrou. Acendeu a luz e abriu a porta da cabina na que vira aquel ser. A porta do baño cerrouse con forza deixando a Jonathan atrapado. Ese foi o testemuño que deu o conserxe, que observara a situación. Cando foi abrir a porta do baño, non atopou rastro do neno, como se desaparecera de forma inexplicable por algún tipo de maldición. Isto chegou a oídos da policía que clausurou o instituto para sempre.

Martín Figueira Rodríguez

Unha única fiestra

No tanatorio, vin a miña nai no ataúde. Saín correndo de alí porque non podía vela de novo nesa situación, así que, con bágoas nos ollos, fun á casa do meu pai.

El tamén estaba moi triste, e para que non o escoitara chorar, escondeuse no baño.

Sentei na cama. Quedei durmido. Estaba coa miña nai; dicíame que se a seguía, podería ficar con ela todo o tempo do mundo. Aceptei sen pensalo e seguina. Levoume a unha habitación baleira, con nada máis que unha fiestra no medio da parede. Achegámonos os dous e vinme na cama, durmido. Pareceume moi raro. Cando meu pai saíu do baño e me viu, correu ata min. Tomoume o pulso e quedou en silencio. Despois diso só se oían os seus berros. Eu non espertei. Estivo así un bo rato, berrando, chorando... Pasado un tempo, calmouse; foise e volveu cunha corda. Atou ao redor do seu pescozo un extremo e o outro á viga que sustiña o teito. Puxo un tallo, subiu e, despois duns minutos, saltou. Vino entrando pola porta da habitación baleira cunha única fiestra.

Celso Calvo García

Pulmón

Ola, eu son Almudena. Considérome unha rapaza bastante intelixente á que lle gusta moito participar no instituto. Son moi educada e respectuosa con todos os meus compañeiros, aínda que eles non comigo. En especial Alfredo, que continuamente me está a molestar. Ás veces ségueme ata a miña casa mentres se burla de min, pero o que máis me chama a atención é que sempre está só e cando me ven falando con el sempre se rin da situación. Ademais, o que me fastidia é que os meus profesores non fan nada e o meu pai menos. Supoño que nin sequera o sabe, xa que está sempre no bar de copas cos seus catro amigos estraños e, cando vén a casa, só me fala para botarme a bronca por todo, porque “sempre é culpa miña”. Miña nai, Mara, xa non está aquí; morreu hai uns anos nunha piscina que está preto dunha casa un pouco sinistra. Din que alí que un bruxo contacta cos mortos. Eu, a verdade, non sei se crer tales cousas.

Volvendo ao tema, meu pai nunca está e cando fala comigo non conta nada del ou de miña nai, tan só me rifa. Papá ten todo o tempo do mundo para saír cos seus amigos, pero nin un só segundo para pasalo comigo. Dende que morreu mamá a súa personalidade cambiou moito. Agora el é estraño. Raro. Espectral. Diferente.

Por desgraza, teño que vivir con el nunha casa bastante grande. Ten cunha fermosa cor amarela que combina á perfección coas estrelas que tanto me gusta ver a través do balcón. Porén, hai unha habitación á que non podo pasar; teño o presentimento de que detrás dela hai algún segredo.

Un día, deixáronnos saír antes da escola. Eu estaba asustada porque o meu pai ía estar na casa. O bo era que Alfredo non fora a clase ese día. Cheguei a casa sen facer nin un ruído, pero parei cando oín unha voz familiar... Era Alfredo! Que facía na miña casa? Non entendía nada; pero cando volví ao meu ser, deime conta de que se estaban dirixindo á habitación á que tiña prohibido entrar. Escoitei como o meu pai e Alfredo tiñan a seguinte conversa:

—Veña, Alfredo, xa queda menos para que volvas ao teu lugar, xa o sabes, non? —dille papá.

—Si, home. Xa sei. Acabemos con isto xa, oh! —responde Alfredo.

Nun momento, despisteime e, de súpeto, sentín como se algo invisible estivese a botar un sopro de vento. Decidín volver mirar; Alfredo e mais o meu pai non estaban. Esperei uns minutos para abrir a porta e baixar as escaleiras que daban a unha planta máis baixa. No

instante no que rematei de baixalas, atopeime cun corredor enorme cunha porta ao final. Comencei a camiñar mentres sentía que algo me estaba chamando. Abrína. Levaba a unha habitación chea de maquinaria con tecnoloxía avanzada e aparellos que non sabía o que eran. Ao pouco, vin que había unha cápsula no medio que contiña unha muller dentro, a mesma que aparecía nas fotos de cando eu era pequena. Era miña nai. Non podía moverse nin falar. Estaba enchufada a unha chea de máquinas e cables, ademais de somerxida nun líquido con burbullas. Cando tentaba dicirme con acenos que marchase de alí, notei algo no costado. Era Alfredo, pero non conseguín velo con claridade, estaba borroso e medio transparente. Asusteime, pensei que me ía pegar. Desconcertoume o non poder nin gritar nin falar. Alfredo tentoume tranquilizar. Non entendía nada; nin por que estaba miña nai aí, por que Alfredo me tentaba axudar, por que non o vía ben... Ao longo dun rato conseguí que me calmara e pedíume que o seguira ata unha habitación baleira. Eu non tiña opción. Miña nai miroume triste.

—Mira, Almudena, creo que mereces unha explicación.

—Oh, en serio? Non me digas... pensei que... — sorprendinme falando de novo. Alfredo cortoume en seco.

—Vouche pedir que non me interrompas, de acordo? —díxome Alfredo—. Escoita, para empezar tes que entender que non son real. Ben, de certo dun xeito si o son, só que non da mesma maneira ca ti ou o teu pai. Non son do teu mundo, ou polo menos agora. Funo hai moito tempo, antes de ter un accidente de tráfico que me custou a vida coa túa idade. O mesmo accidente que tivo o teu avó, o que tanto quería o teu pai. Por iso, el non vos quere nin a ti nin a túa nai; a ela porque ela conducía o coche aquela noite e a ti porque lle recordas a ela. Ademais, ao ser un bruxo moi poderoso, conseguiu, por sorte ou por desgraza, recuperar a miña alma e non a da túa nai, por iso eu estou aquí dende hai anos, facéndote a vida imposible, obrigado polo teu pai. Só ti me podes ver, ti e mais os teus pais.

—Estasme dicindo que o meu pai é un tolo? Porque iso xa o sabía; sorpréndeme máis que esteas morto —respondinlle .

—Pois si, levo máis anos morto que ti viva. A túa nai xa te tivo mentres estaba aí metida. Todas as fotos túas con ela son falsas. Deixando este tema atrás e volvendo ao principal, rapaza estrelada, teu pai ódiavos e por iso...

De repente, soou un portazo e Alfredo desapareceu, deixándome a soas co meu pai. Deume unha labazada. Deseguido, colleume do brazo e levoume a onde estaba miña nai. Premeu un botón e apareceu unha cápsula, na cal aparecín, nun abrir e pechar de ollos. Sentín como o líquido ía subindo aos poucos e como os cables ían apretando cada vez máis, facendo un dano inmenso. Non podía berrar, as miñas cordas vocais non respondían. Non era que de manter os ollos abertos. Pecheinos e, cando os abrín, aparecín nun bosque. Decidín

investigar. Atopeime atemorizada, alarmada. Sentín que non podía máis. Desplomeime. Veu unha persoa axudarme; era miña nai. Ergueume e démonos unha aperta. Subitamente, notei algo cravado no pulmón.

Ana Lorenzo Santos